



XIV **Asemblea Nacional de Esquerda Unida**

RESOLUCIÓN APROBADA

**NON A ALTRI, NON AO
CRECEMENTO VERDE**

Compostela, 12 de abril de 2025

RESOLUCIÓN NON A ALTRI, NON AO CRECEMENTO VERDE

Se é crecemento, non é verde

A ninguén sorprende a recente aprobación -marzo de 2025- da **Declaración de Impacto Ambiental** por parte da Xunta de Galicia dun proxecto coma o de **Altri**, a pesar das evidentes e catastróficas consecuencias medioambientais e socioeconómicas. É só a última das polémicas decisións da Xunta envoltas no escurantismo.

O desastre medioambiental que ocasionaría o proxecto é obvio. A factoría ocuparía **unha área dez veces maior que a celulosa de Ence en Pontevedra**. Cunha capacidade de produción de **400.000 toneladas de celulosa ao ano e 200.000 toneladas de lyocell** fibra téxtil a base de celulosa- **implicaría incrementar a demanda de eucalipto nun 40%** e, en consecuencia, a cantidade de terra destinada ao cultivo desta especie pirófila.

A planta industrial que Altri pretende instalar en Palas de Rei linda, cero metros de distancia, coa **Zona de Especial Conservación da Serra do Careón, pertencente á Rede Natura 2000, onde viven 5 especies en perigo crítico de extinción, tres delas plantas endémicas, únicas no planeta**, e de forma regular están presentes **oito especies de aves en perigo de extinción, dúas catalogadas como ameazadas e 17 obxecto de medidas de conservación**. Esta é a dimensión da riqueza natural da zona e da grave crise de biodiversidade na que nos atopamos inmersos¹.

A factoría **consumiría diariamente 46.000 metros cúbicos de auga**, a pesar de que nos últimos cinco anos a conca do Ulla ven sufrindo restricións de auga e as previsións non son boas. Segundo o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa espérase **"unha redución derivada do cambio climático media na demarcación do 8,61 % (..) para o ano 2039" que se acentuará conforme avance o século XXI**².

Diariamente verteríanse **30.000 metros cúbicos de augas residuais** a unha temperatura dous ou tres graos superior á natural e unha carga de nutrientes que multiplicaría os problemas de **eutrofización** que sofre xa o embalse de Portodemouros. Estes vertidos afectarían ademais a outras dúas zonas da Rede Natura: os **Sobreirais do Arnego** e a todo o **Sistema Fluvial Ulla-Deza** que desemboca na **ría de Arousa**.

O proxecto prevé a instalación dunha **cheminea de 75 metros de altura** e a emisión de gases precursores da **chuvia ácida** como **óxido de nitróxeno, xofre, óxido de xofre**, ademais de **monóxido de carbono e micropartículas**.

Un proxecto industrial coma este no centro do país causaría unha profunda degradación ecolóxica e **un impacto socioeconómico evidente**. Na zona o sector primario canta cunha importante implantación a través da **denominación de orixe do queixo Arzúa-Ulloa**, a gandería ou as **explotacións en ecolóxico**.

¹ Consideraciones sobre los riesgos socioambientales del proyecto Gama. Amigos de la Tierra, Ecologistas en Acción, Greenpeace, SEO Birdlife, WWF, marzo, 2024.

² Documento de Sítese, Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. Ciclo 2021-2027. (Xaneiro, 2023)

Perigan tamén tódolos **negocios asociados** ao sector primario como o comercio de produtos do campo, viveiros, ou veterinarios e o **turismo**. Por Palas de Rei pasa o tramo máis coñecido do **Camiño de Santiago**, o Camiño Francés, ademais das **actividades de ocio e natureza** ligadas ao río Ulla, a segunda conca fluvial máis importante de Galicia.

Na ría de Arousa só nas confrarías que se estenden entre Vilagarcía e o Grove traballan **máis de 1.100 mariscadoras**, ademais do importante peso económico do **sector bateeiro** - Galicia é o segundo produtor mundial de mexillón.

A historia de escurantismo que envolve ao proxecto remóntase a outubro do 2021 cando a portuguesa **Altri SGPS S.A.** dedicada fundamentalmente á produción de pasta de celulosa anuncia que chegara a un acordo con **Impulsa Galicia**, unha sociedade públicoprivada fundada meses antes pola Xunta (40%), Abanea (38%), Reganosa e Sogama para "apoiar a maduración" de proxectos que optasen aos **fondos Next Generation**. É público que chegaron a un acordo, mais nunca se souberon os termos do mesmo.

Inicialmente transcendeu só que se trataba dunha biofábrica que ía producir 200.000 toneladas anuais de Lyocell e que a mariña lucense semellaba o lugar destinado á súa implantación, desatándose unha verdadeira competición entre os alcaldes da comarca por atraer a industria ao seu territorio.

O concello de Cervo semellaba o mellor situado polo que foi unha sorpresa o anuncio, en abril do 2022, da elección final de **Palas de Rei**. Unha das razóns seguramente foi a posibilidade de empregar auga do **río Ulla** no canto de captala do **río Miño**, de competencia estatal. Quizais o fora tamén a estabilidade política nun concello gobernado ininterrompidamente polo Partido Popular dende 1983. Nunca se souberon os criterios empregados.

O 29 de decembro de 2022 o Consello da Xunta de Galicia declara o **Proxecto Gama**, como así lle chama Atri, **Proxecto Industrial Estratéxico** (PIE), unha figura lexislativa creada en febreiro do 2021 polo PpdG a través da súa maioría no parlamento para incrementar a opacidade en torno aos grandes proxectos industriais permitindo adiantar prazos administrativos, expropiar alegando utilidade pública ou conceder subvencións sen concorrencia competitiva.

O 11 xullo de 2023 **aprobose un cambio de titularidade do proxecto** a favor de **Greenfiber S.L.**, participada por **Altri** (75%) e **Greenalia** (25%). Esa modificación declarouse como **non substancial** e, como si non tivese ocorrido nada, o Proxecto Industrial Estratéxico pasou a mans de **Greenfiber**, unha empresa de nova creación con sede social en Pontevedra -soa mellor que sexa galega-, sen activos e sen plantilla de traballadores coñecida.

Todos estes movementos realizábanse sen que transcendera información sobre o contido do proxecto. O primeiro anaco do proxecto de Altri coñeceuse o **26 de decembro de 2023** cando, en plenas festas do Nadal, o mesmo día que Alfonso Rueda anunciaba a disolución do Parlamento de Galicia, sometíase a **exposición pública a solicitude de captación de auga do embalse de Portodemouros: 46.000 metros cúbicos diarios**.

Entre o **5 de marzo do 2024 e o 17 de abril do 2024** expuxéronse os documentos presentados pola empresa para tramitar os permisos ambientais. Confirmábanse as peores sospeitas. Para aquela a contestación popular era xa masiva e, antes de que rematara o prazo, presentáronse **27.000 alegacións** ao proxecto.

O último fito foi a recente e incompreensible aprobación da Declaración de Impacto Ambiental que, como alardea a Xunta, canta co aval dos "técnicos". O proxecto aínda ten por diante dous fitos cruciais que dependen do Goberno central: a **conexión á rede eléctrica** e a concesión de **250 millóns de euros do PERTE de descarbonización** financiado con fondos **Next Generation**.

Altri NON pode acceder aos fondos para a descarbonización porque incumpre o principio DNSH (Do No Significant Harm -Non facer dano significativo-) que condiciona a asignación desas axudas. O proxecto afecta negativamente a, polo menos, tres dos obxectivos medioambientais definidos no Regulamento 852/2020:

- A protección da biodiversidade e dos ecosistemas.
- O uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños
- A prevención e control da contaminación

Altri NON pode acceder a fondos europeos porque entre 2010 e 2015 desenvolveuse o **Proxecto Lite+ Margal-Ulla** que sentou as bases para a conservación do Sistema fluvial Ulla-Deza e foi financiado con **3.666.981 euros** da Unión Europea. Para que gastamos estes cartos públicos?

Altri NON pode acceder a fondos europeos porque a **Rede Natura 2000** recibe anualmente de Europa fondos para o seu mantemento e conservación. No período 2021-2027 asignóuselle a Galicia **cerca de un millón de euros**. Para que gastamos estes cartos públicos?

O 8 de febreiro de 2022 tódalas forzas do arco parlamentario, PP, PSdeG e BNG aprobaban por unanimidade unha Proposición Non de Lei para instar á Xunta a dar prioridade ao proxecto dunha fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa na provincia de Lugo que optaría ao financiamento dos fondos Next Generation.

É certo que non se coñecían aínda as dimensións da factoría e críase que o seu negocio íase basear na produción de **fibra téxtil vexetal 100% biodegradable**. Con ese argumento pretendían convencernos das bondades do proxecto como se a produción de roupa non estivera xusto no centro da grave crise ecolóxica na que estamos inmersos.

Non precisamos fabricar roupa biodegradable para manter a industria da moda rápida, roupa de usar e tirar. Este é precisamente o tipo de produción que é preciso reducir. Como establece a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados **deberíase fomentar a reutilización e a reparación, en lugar de planificar novas industrias para seguir vendendo roupa.**

A industria da moda produce entre o 2 e o 8% das emisións globais de carbono e é o segundo contaminador do auga do planeta. Todo para que cada segundo cheguen a un vertedoiro ou sexan queimados os téxtiles que caben nun camiión de lixo, cada segundo!³.

En febreiro do 2022 quizais faltasen datos para facerse unha idea do perigo de instalar outra celulosa en Galicia, quizais **a aposta polo greenwashing** - unha fibra téxtil biodegradable-, **o crecemento verde e a promesa duns poucos postos de traballo motivara o apoio inicial de BNG e PSOE ao proxecto.**

É preciso ampliar a mirada. O proxecto de Altri enmárcase nun **paradigma de crecemento verde** impulsado pola Unión Europea onde os fondos **Next Generation**, xunto co Plan de Inversións do **Pacto Verde Europeo**, son os puntais para o seu avance.

Atopámonos diante dunha ofensiva, **a do crecemento verde**, nun contexto de grave crise ecolóxica e de recursos. Recentemente a Xunta declarou **a mina de cobre de Touro-O Pino** como Proxecto Estratéxico Industrial e a Comisión Europea seleccionou **a mina de litio de Doade** coma un dos seus proxectos estratéxicos. Unha ofensiva para acelerar a obtención dos minerais necesarios para a transición enerxética, dixital e militar.

Estamos nunha encrucillada, debemos elixir entre perder a pouca biodiversidade que nos resta e afondar a grave crise ecolóxica para tentar soste un crecemento económico enfocado á acumulación ilimitada de capital ou decidir afrontar, en serio, unha necesaria transición ecosocial.

Ante estes feitos, Esquerda Unida debe:

- **Apoiar decididamente os movementos en defensa do territorio** contra industrias extractivas, instalacións industriais coma Altri, grandes parques eólicos ou infraestruturas como a ampliación da A 52 en Vigo ou da A-57 en Pontevedra.
- **Esquerda Unida debe apostar por un modelo de desenvolvemento económico baseado na cooperación e enmarcado na Economía Social e Solidaria (ESS). Debemos apoiar aquelas iniciativas que apostan pola soberanía alimentaria conectando produtores e consumidores no ámbito da alimentación:** supermercados cooperativos, cooperativas e grupos de consumo. O proxecto de corredores verdes da Fundación Galicia Verde ou os Sistemas Participativos de Garantía.
As solucións á crise ecolóxica e social, como o despoboamento no rural, están interconectadas. É preciso darlle vida aos pobos, non quitarlla como pretende Altri.
- **Esquerda Unida debe introducir as cláusulas de Contratación Pública Responsable nas institucións onde estea presente. Especialmente, no ámbito da soberanía alimentaria e o desenvolvemento local:** por exemplo a través de comedores escolares con alimentos ecolóxicos e de km 0.
Os cartos públicos deben empregarse para axudar a construír unha economía que respecte os límites físicos e medioambientais do territorio e o planeta.

³ <https://www.unep.org/es/noticias-y-reportajes/reportajes/la-moda-rapida-esta-pisando-el-freno?ga=2.102612226.2034550865.1703983698-1354445983.1701996712>

- **Ante un panorama político que aposta decididamente polo crecemento verde, Esquerda Unida debe manter unha postura crítica.** Ante unha ola de inversión disposta a esnaquizar os últimos recunchos naturais do noso territorio e do planeta, debemos ser conscientes de que o **crecemento económico continuado está ao servizo unicamente da acumulación ilimitada de capital en mans duns poucos, o 1 % da poboación mundial.**

